

## CPI de Ponte Carreira (Frades, A Coruña)

1º ESO | NARRATIVA

Varela Sánchez, Lydia  
Rey Bra, Mª Carmen

LEMA: A contaminación do río Tambre

### DESCRIBCIÓN:

Con estas entrevistas queríamos mostrar o que pensan algúns veciños da contaminación do noso río, O Tambre.

## A CONTAMINACIÓN DO RÍO TAMBRE



AS ENTREVISTAS  
DE SEUS ENTREVISTADOS  
LYDIA VARELA SANCHEZ  
Mª DEL CARMEN REY BRA

## A CONTAMINACION DO RIO TAMBRE

### INTRODUCCIÓN

O río Tambre pasa polo concello de Frades. Era un río onde os nosos avos ían pescar, sobre todo troitas. Pero agora aumentou a contaminación e morren as troitas e outros animais. Iamos preguntar algunha persoa maior do noso Concello para ver que o que pensan eles.

### ENTREVISTAS

- A) Josefa García Rodríguez  
(Veciña de Galegos ) 68 anos  
B) Mª José Sánchez Couso  
(Veciña de Galegos ) 37 anos

#### 1) PARECECHE QUE O RIOTAMBRE ESTA MOI CONTAMINADO?

- A) Si, como todos os ríos que están moi contaminados  
B) Penso que si en algunhas cousas máis e noutras menos

#### 2) QUEN CRES QUE SON OS CAUSANTES?

- A) Os gandeiros e moita xente que tira moita basura  
B) Todos facemos algo e en especial os gandeiros

#### 3) QUE CAUSAS CRES QUE SON AS QUE PRODUCEN ESTE GRAN PROBLEMA?

- A) Purín, animais mortos, aceites, ....  
B) Herbicidas, todo o que o río arrastre

#### 4) CRES QUE AUMENTOU MOITO A CONTAMINACION DESDE QUE TI ERAS PEQUENA ATA AGORA?

- A) Moitísimo antes a xente non tiraba nada por precaución  
B) Si, porque hai moitos máis animais , máis herbicidas ,plántase máis millo, máis patatas, ....

#### 5) CANDO TI ERAS PEQUENA IAS PESCAR ALÍ ?

- A) Algunha vez si  
B) Non

#### 6) VOSTEDES UTILIZABAN OU UTILIZAN O RIO TAMBRE PARA ALGO?

- A) Non pero hai moita xente que si ha utiliza  
B) Non ha utilizo pero moita xente si

#### 7) CRES QUE TODO ISTO TEN ALGUNHA SOLUCION?

- A) Si todos poñemos algo da nosa parte si  
B) Si porque todo ten solución se cada un pon algo da súa parte.

#### 8) PENSAS QUE O CONCELLO FAI ALGO PARA SOLUCIONAR TODO ISTO? E A XUNTA DE GALIZA ?

- A) Non fan moito ningunha das dúas  
B) por moito que fagan non se soluciona nada

#### 9) CRES QUE OS GANDEIROS QUE VERTEN O PURIN NOS PRADOS SON OS CAUSANTES DESTA GRAN CONTAMINACION?

- A) En parte si  
B) A nosa idea non é esa pero como houbo tantos enchenes

Moitas grazas pola vosa colaboración.





# CPI de Ponte Carreira (Frades, A Coruña)

1º ESO | NARRATIVA

Rey Álvarez, Samuel  
Sóñora Dopazo, Rubén  
López Pereiro, Joel

LEMA: A agricultura

## DESCRICIÓN:

Con este traballo queremos comentar cómo é a agricultura na nosa zona.



### INTRODUCCIÓN

Con este traballo imos mostrar os sistemas de cultivo que se realizan na actualidade na zona do Concello de Frades, en A Coruña. Para isto entrevistamos a tres veciños do Centro da Terceira Idade de Ponte Carreira que moi amabelmente responderon ás nosas cuestións.

### ENTREVISTAS

Centro da Terceira Idade de Pontecarreira:

- A) Xosé Manuel García López - 66 anos
- B) Pepe Lodeiros Castro - 74 anos
- C) Antonio Mata Ruiz - 70 anos

Preguntas:

- Como se realizaba antes o cultivo?
  - A) De maneira tradicional. Sen herbicidas e todo se realizaba manualmente. Coa sacha, co lión ou co arado.
  - B) Atábanse os bois o arado e tiraban manualmente
  - C) Os apeiros enganchábanse aos animais e cultíbanse de xeito máis natural e sen pesticidas
- Antes o sector primario era un dato moi importante para a economía galega, pensa vostede que o segue sendo?
  - A) Si. Historialmente temos tres actividades económicas máis importantes, a agricultura, a gandería e a pesca.
  - B) Foi na e aínda o é.
  - C) Segue sendo aínda que non é moi determinante debido á progresiva aínda que lenta industrialización.

- Segundo a súa opinión, a agricultura moderna é estritamente necesaria para o cultivo?

- A) Si. Porque nos facilita moito o traballo e finalízase moito antes.
- B) Non moito pero é unha boa axuda.
- C) Si porque axuda a realizar as tarefas de forma máis cómoda e rápida.

- Para vostede, cal é o sistema de rego máis eficiente? Cal é o máis abundante nesta zona?

- A) O máis eficiente é o rego por goteo, pois, estás aforrando auga e podes introducir os abonos na auga. O máis abundante nesta zona é o rego á manta, baseado en regalo só pola capa de enriba con unha manguera ou outro artificio.
- B) Para min o rego máis eficaz é o de aspersores, aínda que son moi caros e gastan moita auga.
- C) O máis eficaz é o rego por goteo, e abunda por esta zona o rego á manta.

- Calés son os cultivos máis abundantes nesta zona?

- A) Antes cultibábase moita pataca, trigo e millo. Estes cultivos son realizados dende hai xa moito tempo e aínda o segue sendo.
- B) Antes era o trigo e a pataca, pero agora, cultívase moito máis millo.
- C) A pataca. Agora cultívase moito máis millo.

- Cambio moito a maneira de cultivo dende antes ata agora?

- A) Si. Noteino moito pois tiven que gastar moitos cartos en encalar o prado.
- B) Si.
- C) Evidentemente si. Tanto na maneira de traballar coma no rendimento.

- E por último, pensa que o cambio climático á maneira de cultivar que se realizaba antes?

- A) Non. Penso que esta zona non foi moi afectada polo cambio climático.

- B) Eu penso que o cambio climático son mentiras dos científicos, pois aquí, non notei eu moito cambio no clima.
- C) Co cambio climático non, pero si coas construcións pois soltan residuos aos cultivos.

- Cre que a agricultura débese de destinar á comercialización ou ao autoconsumo?

- A) O mellor é o autoconsumo. A agricultura é natural e ti terás que realizar os teus cultivos. Cando chego a unha tenda e observo á xente pedindo tomates vezo que a agricultura tradicional se vai perdendo. Antes cando non tiñas patacas íaslas pedir aos veciños e non acudías a unha tenda a compralas.
- B) Eu penso que só se debe destinar ao autoconsumo.
- C) Penso que as dúas cousas porque a xente coma nós do campo non podemos vivir só do autoconsumo.

Moitas Grazas pola súa colaboración

### CONCLUSIÓN

Con estas entrevistas aos agricultores da zona, podemos observar que a agricultura cambiou moito nestes anos. Isto ten aspectos positivos porque é unha forma máis cómoda e eficaz de cultivar e rendir. Pero tamén atopamos aspectos negativos como os vertidos ao usar maquinaria que queima combustible e tamén o purín que pode escorrer filtrándose pola terra e hasta os ríos.



## CPI de Ponte Carreira (Frades, A Coruña)

1º ESO | NARRATIVA

García Cardama, José Manuel  
Calvo Pérez, Álvaro  
Fernández López, Esteban

LEMA: Entrevistas sobre transporte

### DESCRICIÓN:

Con este traballo queríamos mostrar cando chegaron algúns dos transportes á nosa zona (como o tractor, coche...)

## ENTREVISTAS SOBRE TRANSPORTES



"OS RANCHEROS"  
José Manuel García Cardama  
+ Esteban Fernández López  
+ Álvaro Calvo Pérez

### INTRODUCCIÓN



O primeiro tractor foi un Ford a gasolina en 1911. A chegada do tractor facilitou moito o traballo no campo.



O primeiro coche foi un Opel británico en Frades de Galiza en 1910. Este coche serviu como base para fabricar outros coches.



En 1902 apareceu o primeiro coche fabricado que alcanzou os 40 km/h.

### Entrevista a Gumersinda Carro Sanjurjo ( 82 anos). Residente en Arosa

- 1.- ¿Lembran cando mercaran o primeiro tractor?  
-Mercámolo no 1976.
- 2.-¿Lembras cando mercaron o primeiro coche?  
-Mercámolo no 1996
- 3.- ¿Acordase vostede cando apareceu o primeiro tren?  
-Non.
- 4.- ¿Parecelle ben que pase o AVE por Galicia?  
-Si
- 5.-¿ Vostede cree que beneficia a Galicia?  
-Creo que si

### Entrevista a Ramón Paz Gomez (66 anos) Reside en Frades

- 1.- ¿Lembran cando mercaran o primeiro tractor?  
- 1985, porque había moitas vacas e non se daba cultivado a man.
- 2.-¿Lembras cando mercaron o primeiro coche?  
-No 1970.

- 3.- ¿Acordase vostede cando apareceu o primeiro tren?  
-Non.
- 4.- ¿Parecelle ben que pase o AVE por Galicia?  
-Si
- 5.-¿ Vostede cree que beneficia a Galicia?  
-Porque o transporte é máis rápido.

Moitas grazas pola vosa colaboración.

### CONCLUSIÓN

A Galicia aínda lle faltan transportes como por exemplo a chegada do AVE.  
A chegada do tractor axudou moito na agricultura.





**CPI de Ponte Carreira  
(Frades, A Coruña)**


1º ESO | PÓSTER

García Méndez, Ramón

**LEMA: A miña visión do cambio climático**

**DESCRICIÓN:**

Con este póster quero dar a miña visión sobre o cambio climático cunha mistura de imaxes.



CPI de Ponte Carreira (Frades, A Coruña)

**CPI de Ponte Carreira  
(Frades, A Coruña)**

1º ESO | CÓMIC

Fernández Quintás, Brais  
Gómez Taboada, Alvaro Isaac

**LEMA: Salvemos o Planeta**

**DESCRICIÓN:**

Neste cómic uns nenos tratan de evitar o efecto invernadeiro no futuro.



CPI de Ponte Carreira (Frades, A Coruña)



**CPI de Ponte Carreira (Frades, A Coruña)**

1º ESO | **CÓMIC**

Fernández Martínez, Sara  
Barrós Marzoa, Cristina

**LEMA: A contaminación e o Presidente da Xunta**

**DESCRICIÓN:**

Neste cómic dúas reporteras intentan que o Presidente da Xunta solucione o problema das centrais térmicas.



**CPI de Ponte Carreira (Frades, A Coruña)**

1º ESO | **MAQUETA**

Castro Castro, Pablo  
Souto Sanjurjo, David

**LEMA: O desxeo nos polos**

**DESCRICIÓN:**

Nesta maqueta representamos cómo si os osos polares quedan sen casa polo desxeo, nós tamén.



